

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2011 pola que se publica o tipo de xuro para o primeiro semestre de 2012 para as operacións acollidas a diferentes convenios e programas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).*

Segundo se establece nos convenios de colaboración asinados entre o Instituto Galego de Promoción Económica e diversas entidades financeiras para operacións acollidas a eles, o tipo de xuro variará por semestres naturais e publicárase no *Diario Oficial de Galicia*; condición que tamén se establece en distintos programas de axuda do instituto.

Polo que antecede e unha vez verificados os datos relativos á evolución do mibor e euri-bor, en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12.a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, e do artigo 11.1.a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Igape,

#### RESOLVO:

Primeiro. Os tipos de xuro de referencia para o primeiro semestre de 2012 para as operacións acollidas aos seguintes convenios e programas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) serán os seguintes:

– Préstamos dos convenios de apoio financeiro ás pemes 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006: 1,706%.

– Préstamos do convenio de apoio financeiro ao sector pesqueiro de Galicia (DOG núm. 133, do 10 de xullo de 2001): 1,706%.

– Programa de apoio financeiro aos establecementos turísticos, hostalaría e comercio retalista nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal (DOG núm. 194, do 5 de outubro de 2007): 1,706%.

– Programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2002): 1,706%.

– Programa de préstamos para financiar proxectos emprendedores na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 63, do 31 de marzo de 2003): 1,706%.

– Convenio polo que se establece unha liña de avais do Igape para financiar a adquisición de dereitos de pesca por parte de agrupacións de produtores para o acceso da frota galega a caladoiros, suscrito entre o Igape e as entidades financeiras (DOG núm. 222, do 15 de novembro de 2004): 1,706%.

– Programa de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 84, do 3 de maio de 2005): 1,706%.

– Convenio polo que se establece unha liña de avais do Igape para financiar a adquisición de dereitos de pesca por parte de armadores e agrupacións de produtores para o acceso da frota galega a caladoiros, suscrito entre o Igape e as entidades financeiras (DOG núm. 195, do 9 de outubro de 2006): 1,706%.

– Convenio entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas para a habilitación dunha liña de financiamento específica para emprendedores (DOG núm. 195, do 9 de outubro de 2006): 1,706%.

– Convenio entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas para a habilitación dunha liña de financiamento específica para proxectos de innovación na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 195, do 9 de outubro de 2006): 1,706%.

– Bases reguladoras das axudas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, liñas Peme Xove e Peme Competitiva, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca adheridas (DOG núm. 101, do 28 de maio de 2007): 1,706%.

– Bases reguladoras das axudas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para producións audiovisuais e investimentos en bens de equipamento que realicen as pemes do sector audiovisual galego, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca adheridas (DOG núm. 216, do 8 de novembro de 2007): 1,706%.

– Programa de préstamos do Igape para financiar proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia con fondos do Banco Europeo de Investimentos (BEI) (DOG núm. 244, do 19 de decembro de 2007): 1,706%.

– Bases reguladoras das axudas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, liñas Peme Xove e Peme Competitiva, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca adheridas (DOG núm. 47, do 4 de marzo de 2008): 1,706%.

– Bases reguladoras das axudas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Programa Re-imaxina), liñas 2 e 3 (DOG núm. 148, do 30 de xullo de 2009): 1,706%.

– Bases reguladoras para o apoio financeiro á hostalaría, comercio, turismo e servizos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca adheridas (Re-invirte Ferrol) (DOG núm 142, do 27 de xullo de 2010 e DOG núm 40, do 28 de febreiro de 2011): 1,706%.

Segundo. As entidades financeiras deberán comunicarlles aos beneficiarios dos préstamos subvencionables a variación do tipo de xuro.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2011.

Javier Aguilera Navarro  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica